



**REDES DE TELECOMUNICACIÓN
GALEGAS, S.A.**

PRESIDENCIA DA XUNTA DE GALICIA

I. MEMORIA DOS ORZAMENTOS 2020 E PROGRAMA DE ACTUACIÓNS INVESTIMENTOS E FINANCIAMENTO

I.1. Descrición da entidade

RETEGAL é unha sociedade mercantil pública autonómica creada polo Decreto 58/1997, do 20 de febreiro, da Consellería de Economía e Facenda, con capital integramente subscrito pola Xunta de Galicia. De conformidade cos seus estatutos, ten a consideración de medio propio instrumental e de servizo técnico da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e dos seus organismos autónomos no concernerente á realización das actividades propias do seu obxecto social que estas lle encarguen, estando obrigada a realizalas.

En particular constitúen parte do obxecto social de RETEGAL as seguintes actividades:

a. A promoción, planificación, deseño, construción, conservación, mantemento, dotación de equipamento e explotación, por si mesma ou mediante terceiros, de toda clase de infraestruturas e servizos de telecomunicacións que sexan promovidas pola Comunidade Autónoma de Galicia ou en que esta participe, vinculadas ao ámbito das telecomunicacións.

b. A prestación de actividades de consultaría en materia de avaliación, planificación, promoción, adquisición, organización, mantemento, formación, xestión, investigación, control de calidade e, en xeral, calquera materia relacionada co sector das telecomunicacións, especialmente no eido da tecnoloxía das telecomunicacións."

I.1.1. Obxectivos

EIXO	DESCRIPCIÓN EIXO
4	Sociedade Dixital

EIXO	PRIORIDADE ACTUACIÓN	DESCRIPCIÓN PRIORIDADE ACTUACIÓN
4	PA4.1	Consolidar o modelo de crecemento vinculado á economía dixital

- Manter, ampliar e consolidar a súa posición no mercado nacional e autonómico como operador neutro de servizos de radiodifusión e de infraestruturas.

- Manter, ampliar, renovar e mellorar as infraestruturas existentes, para facilitar o acceso á sociedade da información de todos os cidadáns de Galicia.

- Administrar con eficiencia os recursos xestionados desenvolvendo actuacións que incrementen a eficiencia co obxectivo de chegar a ofrecer servizos máis competitivos, con tarifas transparentes e orientación a custes.
- Na súa condición de medio propio, planificar, executar e operar os encargos previstos, e os que se lle poidan encargar pola Xunta de Galicia.

I.1.2. Obxectivos e indicadores

OBX ESTRATÉGICO/ INTERMEDIO	DESCRIPCIÓN OBX ESTRATÉGICO/ INTERMEDIO	2020	2021	2022
OE3	MODERNIZAR SERVIZOS DE COMUNICACIÓNS	10.032.585	9.345.896	9.371.268
OE4	MELLORAR O USO DAS CALIDADES DAS TICS	195.000	150.000	180.000
	TOTAL	10.227.585	9.495.896	9.551.268

OBX OPERATIVO	DESCRIPCIÓN OBX OPERATIVO	2020	2021	2022
001	REDE DE INFRAESTRUTURAS COMUNICACIÓN E DIFUSIÓN	10.032.585	9.345.896	9.371.268
001	ADECUACIÓN OPERATIVA RETEGAL	195.000	150.000	180.000
	TOTAL	10.227.585	9.495.896	9.551.268

INDICADOR	DESCRIPCIÓN INDICADOR	2020	2021	2022	UNIDADES
%	CUMPRIMENTO OBXECTIVOS DE SERVICIO	99,5	99,5	99,5	
%	ADECUACIÓN REDES SEGUNDO FOLLA DE RUTA A.E.	100	100	0	
%	CUMPRIMENTO REQUISITOS NOVOS SERVIZOS	100	100	100	
%	ÍNDICE DE EXECUCIÓN DOS SERVIZOS	80	80	80	

1. Servizos de operador neutro de telecomunicacións.

O posicionamento de RETEGAL como operador neutro de infraestruturas é acorde coas tendencias de mercado, nas que as estratexias dos operadores de servizos de telecomunicación orientáanse ao núcleo do negocio.

En todo momento RETEGAL actúa como operador neutro poñendo as infraestruturas que xestiona e as súas capacidades de transmisión a disposición de todos os operadores en igualdade de condicións.

2. Servizos de TDT.

2.1.- CRTVG.

O obxectivo fundamental de RETEGAL para o ano 2020, é manter as porcentaxes de cobertura de difusión do sinal do múltiple autonómico de TDT, no que están presentes

as dúas canles de TVG, mantendo ademais os actuais niveis de calidade e dispoñibilidade na prestación do servizo.

Por outra parte, a replanificación de frecuencias dentro do denominado 2º Dividendo Dixital supón que RETEGAL deba adecuar as canles de emisión do Múltiple Autonómico de TDT (MAUT) nas provincias de Lugo, Ourense e Pontevedra, cun mínimo de 101 (de 148) centros oficiais de titularidade autonómica afectados. Estas actuacións non só comprenderán o reaxuste do equipamento de emisión ás novas canles establecidas polo Ministerio, senón tamén se así é requirido polo radiodifusor e coa finalidade de garantir a continuidade da recepción dos servizos á poboación naqueles centros dende os que se preste servizo a máis de cen instalacións de recepción colectiva, emitírase de xeito simultáneo ("simulcast") a programación do MAUT polas canles actual e reaxustada. Este proceso, dependente do Ministerio de Economía e Empresa debe finalizar con anterioridade ao 30 de xuño de 2020 .

2.2.- Concesionarios autonómicos.

RETEGAL presta servizo de difusión ao múltiple autonómico, que está integrado pola TVG (con dúas canles dixitais en HD e SD) e por dous concesionarios de xestión privada.

2.3.- Concesionarios locais.

Prestación dos servizos de difusión aos múltiples de TDT Local de Vigo, Santiago de Compostela e Ribeira con índices de calidade e continuidade do servizo comprometidos.

2.4.- Cadeas estatais.

Prestación do servizo de transporte e difusión do sinal do múltiple de TVE nos centros contratados pola adxudicataria do contrato licitado novamente en 2017.

3. Servizo da Rede Dixital de Emerxencias e Seguridade da Xunta de Galicia (RESGAL).

En virtude dos encargos da AMTEGA a RETEGAL, durante o ano 2020 e despois das melloras de cobertura acometidas durante os anos anteriores, a empresa realizará accións de mantemento e xestión da Rede de comunicacións móbiles dixitais de emerxencia e seguridade de Galicia (RESGAL) e de implantación de novos servizos aos usuarios. A infraestrutura actual da RESGAL foi despregada en varias fases o que obriga a asumir o mantemento da mesma de xeito progresivo e suporá un notable incremento nos custes de mantemento.

Este servizo ten a consideración de fundamental de cara aos vindeiros anos entre todos os prestados por RETEGAL. Con tal motivo, ao longo do ano 2017 iniciouse unha campaña de potenciación e fomento do coñecemento da RESGAL coa finalidade de di-

fundir os seus beneficios entre todas as entidades prestadoras de servizos de emerxencia e de fomentar o coñecemento da mesma por parte da poboación galega. Ao longo do ano 2020, será necesario manter as devanditas actuacións de difusión da RESGAL.

Por outra banda, nos anos 2018 e 2019 incorporouse á RESGAL o servizo da Rede de Vídeo-vixilancia forestal de Galicia que se presta desde 59 centros xestionados por RETEGAL, mediante o emprego de 118 cámaras ópticas de altas prestacións. Adicionalmente, planificouse a realización, para mellorar a dispoñibilidade de datos que permitan optimizar a toma de decisións, dun plan piloto de sensorización utilizando dispositivos IoT (Internet das Cousas), en tres centros de telecomunicacións, que permita a detección, análise e envío de parámetros atmosféricos que poidan ter afección no desenvolvemento dos incendios forestais, como humidade, pluviometría, temperatura, dirección e forza do vento, entre outros.

4. Servizos de Radiodifusión.

No que respecta aos servizos prestados á Radio Galega, tras a dixitalización da rede de transporte das catro delegacións e de trinta e cinco centros emisores, así como a instalación de sistemas de supervisión, no ano 2020 continuarase co plan de renovación de equipamento de difusión, substituíndo os equipos mais antigos por outros de maior eficiencia enerxética, o que permitirá mellorar os custes de explotación de RETEGAL.

RETEGAL dispón das infraestruturas idóneas para cumprir uns elevados obxectivos de cobertura para a prestación de servizos de radiodifusión e é previsible que no ano 2020 poida materializarse a incorporación dalgún novo cliente.

5. Servizo de transporte e conectividade.

No ano 2014 RETEGAL realizou unha oferta pública para que os operadores interesados en participar na licitación para a prestación dos servizos da rede corporativa da Xunta de Galicia (RCXG) puidesen empregar as súas infraestruturas e servizos de transporte, oferta que foi subscrita polo adxudicatario da licitación, prevéndose a continuidade da prestación deste servizo durante o ano 2020.

6. Adecuación Operativa de RETEGAL.

Debe considerarse este un proceso en continuo ciclo de mellora, polo que no ano 2020 RETEGAL deberá tanto implantar novos procesos e sistemas, como continuar mellorando a súa operativa de xeito permanente coa execución dos proxectos xa iniciados ao longo do bienio 2017-18 relativos ao plan de sistemas, e á adecuación de procedementos, indicadores e políticas aos estándares existentes no mercado en relación a calidade, medio ambiente, prevención de riscos laborais e penais, entre outros.

Derivado dos traballos de continua adecuación operativa e no marco da mellora continua, RETEGAL conseguiu entre finais de 2018 e principios de 2019, a ampliación do alcance da ISO9001:2015, así como as ISO14001:2015 de Medio Ambiente e OH-SAS18001 de Prevención de Riscos Laborais, certificacións das que non dispoñía ata o ano 2019.

7. Innovación tecnolóxica.

Durante o ano 2016 constituíuse un consorcio entre AMTEGA, a Universidade de Vigo, a Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental (SXCAA) o Instituto Portugués do Mar e da Atmosfera (IPMA) e RETEGAL para presentar, en setembro de 2016, o proxecto "Fighting Forest Fires Using Electronic Communication Technologies" ante a Comisión Europea, para a detección temperá de incendios co emprego de radares meteorolóxicos para desenvolver entre 2017 e 2020.

Coa finalidade de contribuír á implantación e extensión das novas tecnoloxías na C.A., especialmente no que atinxe ao 5G, RETEGAL na súa condición de medio propio da Administración Autonómica, seguirá participando activamente nos plans institucionais para o desenvolvemento de novas tecnoloxías.

Dentro das medidas definidas no Plan Galicia 5G pola AMTEGA, se define a implantación do Nodo de Cooperación 5G de Galicia que RETEGAL deberá seguir coordinando ao longo de 2020, así como a súa participación no curso de especialista universitario en redes de quinta xeración, conxuntamente coa AMTEGA e a UVIGO.

Por outra banda e ao longo de 2019, realizouse un Catálogo para o despregamento de F.O. en conxuntos históricos. Derivado dese traballo, tamén se avaliarán ao longo de 2020 as posibilidades de instalación de torres e antenas de diferentes características.

I.2. Inversións

INVESTIMENTO PROXECTO	ANO INICIAL	ANO FINAL	CUSTO TOTAL	ORZAMENTO 2020	CONCELLO
ADECUACION DE INFRAESTRUTURAS EXISTENTES E CONSTRUCCION DE NOVOS CENTROS DE TELECOMUNICACIÓN	2.014	2.022	385.151	80.000	902
ADECUACIÓN OPERATIVA DE RETEGAL. SISTEMAS E PROCESOS	2.010	2.022	613.962	40.000	902
EXTENSION E EMPLIACIÓN DAS REDES DE TRANSPORTE E DIFUSIÓN. ADECUACIÓN 2º DIVIDENDO DIXITAL	2.014	2.022	1.856.978	290.000	902
INNOVACIÓN TECNOLÓXICA	2.010	2.022	240.612	40.000	902
OPERACIÓN DA REDE CORPORATIVA DAS COMUNICACIÓNS MÓBILES DIXITAIS DE EMERXENCIA E SEGURIDADE DE GALICIA	2.015	2.022			902

INVESTIMENTO PROXECTO	ANO INICIAL	ANO FINAL	CUSTO TOTAL	ORZAMENTO 2020	CONCELLO
		TOTAL	3.096.703	450.000	

I.3. Territorialización

CONCELLO	GASTO DE PERSOAL	OUTROS GASTOS CORRENTES	GASTOS DE CAPITAL
SANTIAGO DE COMPOSTELA	3.182.092		450.000
VARIOS CONCELLOS		6.670.810	
TOTAL	3.182.092	6.670.810	450.000

I.4. Previsións orzamentarias e financiamento

I.4.1. Previsións Orzamento de explotación

INGRESOS

Vendas e outros ingresos de explotación

INGRESOS	2020	2021	2022
ENCARGOS DA XUNTA DE GALICIA	338.843	510.000	510.000
OUTROS MERCADOS	4.090.853	3.986.195	3.987.192
SERVIZO PORTADOR RADIO	440.000	442.452	446.876
SERVIZO PORTADOR TV	3.679.996	2.851.039	2.879.549
SERVIZOS BANDA LARGA	49.000	49.000	49.000
SERVIZOS TETRA	1.721.429	1.721.429	1.721.429
TOTAL	10.320.121	9.560.115	9.594.046

GASTOS

Gastos de persoal

	REAL 2018	ESTIMADO 2019	PREVISIÓN 2020
Nº Empregados	45	46	47
Custo Total	2.639.078,27	3.023.818,83	3.182.092
Custo Medio	58.646,18	65.735,19	67.704,09

O custo medio dos gastos de persoal calcúlase tendo en conta a masa salarial, excluíndo previsións

Servizos exteriores

DESCRICIÓN	REAL 2018	ESTIMADO 2019	PREVISIÓN 2020	PREVISIÓN 2021	PREVISIÓN 2022
ALUGUERES E CANONS	69.735	69.735	117.464	82.217	82.217
OUTROS SERVIZOS	24.673	50.000	58.342	54.000	54.000
PRIMAS DE SEGUROS	33.494	36.000	49.450	49.450	49.450
PUBLICIDADE, PROPAGANDA E RELACC. PÚBLICAS	94.426	100.000	104.000	104.000	105.040

DESCRIPCIÓN	REAL 2018	ESTIMADO 2019	PREVISIÓN 2020	PREVISIÓN 2021	PREVISIÓN 2022
REPARACIÓNS E MANTEMENTOS	2.704.739	2.603.078	2.562.725	2.561.027	2.599.442
SERVIZOS PROFESIONAIS INDEPENDENTES	677.190	677.190	795.900	777.400	785.174
SUBMINISTROS E COMUNICACIÓNS	1.180.110	1.376.074	1.431.189	1.428.971	1.444.261
TOTAL	4.784.367	4.912.077	5.119.070	5.057.065	5.119.584

Amortización

DESCRIPCIÓN	REAL 2018	ESTIMADO 2019	PREVISIÓN 2020
Dotación amortización intanxible	4.999	2.866	7.200
Dotación amortización materiais	306.357	314.510	352.800
TOTAL	311.356	317.376	360.000

I.4.2. Previsións Orzamento de capital

ORIXES

Remanente de Tesourería

	2018	2019
1. Fondos líquidos	6.400.323	6.295.459
2. Dereitos pendentes de cobro (+)	2.217.689	1.660.518
Do orzamento corrente	2.217.689	1.660.518
De orzamentos pechados		
De operacións non orzamentarias		
De operacións comerciais		
3. Obrigas pendentes de pago (-)	2.362.366	1.903.313
Do orzamento corrente	2.362.366	1.903.313
De orzamentos pechados		
De operacións non orzamentarias		
De operacións comerciais		
4. Partidas pendentes de aplicación (-/+)	0	0
(-) Cobros realizados pendentes de aplicación definitiva		
(+) Pagos realizados pendentes de aplicación definitiva		
I. Remanente de tesourería total (1+2+3+4)	6.255.646	6.052.664
II. Exceso de financiamento afectado		
III. Saldos de dubidoso cobro		
IV. Remanente de tesourería non afectado (I-II-III)	6.255.646	6.052.664

APLICACIÓNS

Adquisicións de inmovilizado non financeiro

ADQUISICIÓN INMOBILIZADO NON FINANCEIRO	REAL 2018	ESTIMADO 2019	PREVISIÓN 2020
Inmovilizado Intanxible	21.572	29.000	30.000
Inmovilizado Material	220.525	426.000	420.000
TOTAL	242.097	455.000	450.000

Adquisicións de inmovilizado financeiro

A sociedade no ten previsión de adquisicións de inmovilizado financeiro.

FINANCIAMENTO DO PROGRAMA DE INVESTIMENTOS E DAS NECESIDADES DE EXPLOTACIÓN

Os investimentos asociados con elementos susceptibles de ser incorporados ao activo de Retegal, está previsto que acaden os 450.000 euros.

O financiamento do programa de investimento e das necesidades da explotación realizarase con recursos propios da actividade.

ORZAMENTOS XERAIS DA XUNTA DE GALICIA 2020				
REDES DE TELECOMUNICACIÓN GALEGAS, S.A.				
Plan Xeral de Contabilidade RD 1514/2007	BALANCE ACTIVO	(En miles de euros sen decimais)		
		REAL 2018	ESTIMADO 2019	ORZAMENTO 2020
	A) ACTIVO NON CORRENTE	1.872	1.813	1.895
	I. Inmobilizado intanxible	23	25	48
	1. Desenvolvemento			
	2. Concesións			
	3. Patentes, licencias, marcas e similares	2	5	7
	4. Fondo de comercio			
	5. Aplicacións informáticas	20	20	41
	6. Outro inmobilizado intanxible			
	II. Inmobilizado material	1.802	1.748	1.816
	1. Terreos e construcións	124	124	137
	2. Instalacións técnicas, e outro inmobilizado material	1.625	1.625	1.679
	3. Inmobilizado en curso e anticipos	54		
	III. Inversións inmobiliarias			
	1. Terreos			
	2. Construcións			
	IV. Inversións en empresas do grupo e asociadas a longo prazo			
	1. Instrumentos de patrimonio			
	2. Créditos a empresas			
	3. Valores representativos de débeda			
	4. Derivados			
	5. Outros activos financeiros			
	V. Inversións financeiras a longo prazo			
	1. Instrumentos de patrimonio			
	2. Créditos a terceiros			
	3. Valores representativos de débeda			
	4. Derivados			
	5. Outros activos financeiros			
	VI. Activos por imposto diferido	47	40	32
	B) ACTIVO CORRENTE	8.618	7.956	8.189
	I. Activos non correntes mantidos para a venda			
	II. Existencias	27	19	19
	1. Comerciais			
	2. Materias primas e outros aprovisionamentos			
	3. Produtos en curso			
	4. Produtos terminados			
	5. Subprodutos, residuos e materias recuperados			
	6. Anticipos a provedores	27	19	19
	III. Deudores comerciais e outras contas a cobrar	2.139	1.626	1.828
	1. Clientes por vendas e prestacións de servizos	1.017	950	1.119
	2. Clientes, empresas do grupo e asociadas	598	658	691
	3. Debedores varios	12	12	13
	4. Persoal		2	2
	5. Activos por imposto corrente	508		
	6. Outros créditos coas Administracións Públicas	4	4	4
	7. Accionistas (socios) por desembolsos esixidos			
	IV. Inversións en empresas do grupo e asociadas a curto prazo			
	1. Instrumentos de patrimonio			
	2. Créditos a empresas			
	3. Valores representativos de débeda			
	4. Derivados			
	5. Outros activos financeiros			
	V. Inversións financeiras a curto prazo			
	1. Instrumentos de patrimonio			
	2. Créditos a empresas			
	3. Valores representativos de débeda			
	4. Derivados			
	5. Outros activos financeiros			
	VI. Periodificacións a curto prazo	52	16	16

ORZAMENTOS XERAIS DA XUNTA DE GALICIA 2020				
REDES DE TELECOMUNICACIÓN GALEGAS, S.A.				
Plan Xeral de Contabilidade RD 1514/2007	BALANCE ACTIVO	(En miles de euros sen decimais)		
		REAL 2018	ESTIMADO 2019	ORZAMENTO 2020
	VII. Efectivo e outros líquidos equivalentes	6.400	6.295	6.326
	1. Tesourería	6.400	6.295	6.326
	2. Outros activos líquidos equivalentes			
	TOTAL ACTIVO (A+B)	10.490	9.769	10.084

ORZAMENTOS XERAIS DA XUNTA DE GALICIA 2020				
REDES DE TELECOMUNICACIÓN GALEGAS, S.A.				
Plan Xeral de Contabilidade RD 1514/2007	BALANCE. PATRIMONIO NETO E PASIVO	(En miles de euros sen decimais)		
		REAL 2018	ESTIMADO 2019	ORZAMENTO 2020
	A) PATRIMONIO NETO	4.208	3.980	4.120
	A.1) Fondos propios	3.131	3.002	3.241
	I. Capital	60	60	60
	1. Capital escriturado	60	60	60
	2. (Capital non esixido)			
	II. Prima de emisión			
	III. Reservas	1.684	2.253	2.733
	1. Legal e estatutarias	87	87	87
	2. Outras reservas	1.597	2.165	2.645
	IV. (Accións e participacións no patrimonio propias)			
	V. Resultados de exercicios anteriores			
	1. Remanente			
	2. (Resultados negativos de exercicios anteriores)			
	VI. Outras aportacións de socios	209	209	209
	VII. Resultado do exercicio	1.178	480	239
	VIII. (Dividendo a conta)			
	IX. Outros instrumentos do patrimonio neto			
	A.2) Axustes por cambios de valor			
	I. Activos financeiros disponibles para a venda			
	II. Operacións de cobertura			
	III. Outros			
	A.3) Subvencións, doacións e legados recibidos	1.077	978	879
	B) PASIVO NON CORRENTE	3.920	3.886	3.856
	I. Provisións a longo prazo	3.561	3.561	3.561
	1. Obrigas por prestacións a longo prazo ó persoal			
	2. Actuacións medioambientais			
	3. Provisións por reestructuración			
	4. Outras provisións	3.561	3.561	3.561
	II. Débedas a longo prazo			
	1. Obrigas e outros valores negociables			
	2. Débedas con entidades de crédito			
	3. Acredores por arrendamento financeiro			
	4. Derivados			
	5. Outros pasivos financeiros			
	III. Débedas con empresas do grupo e asociadas a longo prazo			
	IV. Pasivos por imposto diferido	359	325	295
	V. Periodificacións a longo prazo			
	C) PASIVO CORRENTE	2.362	1.903	2.108
	I. Pasivos vinculados con activos non correntes mantidos para a venda			
	II. Provisións a curto prazo			
	III. Débedas a curto prazo	301	280	250
	1. Obrigas e outros valores negociables			
	2. Débedas con entidades de crédito			
	3. Acredores por arrendamento financeiro			
	4. Derivados			
	5. Outros pasivos financeiros	301	280	250
	IV. Débedas con empresas do grupo e asociadas a curto prazo			
	V. Acredores comerciais e outras contas a pagar	2.059	1.620	1.856
	1. Provedores	1.938	1.500	1.672
	2. Provedores, empresas do grupo e asociadas			
	3. Acredores varios			
	4. Persoal (remuneracións pendentes de pago)	6	6	6
	5. Pasivos por imposto corrente			
	6. Outras débedas coas Administracións Públicas	101	101	164
	7. Anticipos clientes	14	13	14
	VI. Periodificacións a curto prazo	2	3	2
	TOTAL PATRIMONIO NETO E PASIVO (A+B+C)	10.490	9.769	10.084

ORZAMENTOS XERAIS DA XUNTA DE GALICIA 2020				
ORZAMENTO DE EXPLOTACIÓN				
REDES DE TELECOMUNICACIÓN GALEGAS, S.A.				
Plan Xeral de Contabilidade RD 1514/2007	CONTA DE PERDAS E GANANCIAS.	(En miles de euros sen decimais)		
		REAL 2018	ESTIMADO 2019	ORZAMENTO 2020
	A) OPERACIONES CONTINUADAS			
	1. Importe neto da cifra de negocios	10.314	9.833	10.320
	a) Ventas			
	b) Prestacións de servizos	10.314	9.833	10.320
	2. Variación de existencias de pto. terminados e en curso de fabricac.			
	3. Traballos realizados pola empresa para o seu activo.			
	4. Aprovisionamentos	-1.802	-1.035	-1.465
	Consumo de mercaderías	-1.494	-720	-400
	Consumo de materias primas e outras materias consumibles			
	Traballos realizados por outras empresas	-308	-315	-1.065
	Deterioro de mercaderías, materias primas e outros aprovisionamentos			
	5. Outros ingresos de explotación			
	Ingresos accesorios e outros de xestión corrente			
	Subvencións de explotación incorporadas ó resultado exercicio			
	6. Gastos de persoal	-2.639	-3.024	-3.182
	Soldos, salarios e asimilados	-2.116	-2.419	-2.560
	Cargas sociais	-523	-605	-622
	Provisións			
	7. Outros gastos de explotación	-4.837	-4.949	-5.126
	Servizos exteriores	-4.784	-4.912	-5.119
	Tributos	-3	-7	-7
	Perdas, deterioros e variacións de provisións por operacións comerciais	-50	-30	
	Outros gastos de xestión corrente			
	8. Amortización do inmovilizado	-311	-317	-360
	Amortización do inmovilizado intanxible	-5	-3	-7
	Amortización do inmovilizado material	-306	-315	-353
	Amortización das inversións inmobiliarias			
	9. Imputación de subvencións do inmovilizado non financeiro e outras.	153	132	132
	10. Excesos de provisións	694		
	11. Deterioro e resultado por alleamentos de inmovilizado.			
	a) Deterioros e perdas			
	Do inmovilizado intanxible			
	Do inmovilizado material			
	Das inversións inmobiliarias			
	b) Resultado por alleamentos e outras			
	Do inmovilizado intanxible			
	Do inmovilizado material			
	Das inversións inmobiliarias			
	12. Diferencia negativa de combinacións de negocio			
	13. Outros resultados	-1		
	Gastos excepcionais	-1		
	Ingresos excepcionais			
	A.1) RESULTADO DE EXPLOTACIÓN	1.571	640	319
	(1+2+3+4+5+6+7+8+9+10+11+12+13)			
	14. Ingresos financeiros			
	a) De participación en instrumentos do patrimonio			
	b) De valores negociables e outros instrumentos financeiros			
	15. Gastos financeiros			
	a) Por débedas con empresas do grupo			
	b) Por débedas con terceiros.			
	c) Por actualización de provisións			
	16. Variación de valor razonable en instrumentos financeiros.			
	17. Diferencias de cambio			
	18. Deterioro e resultado por alleamento de instrumentos financeiros			
	19. Outros ingresos e gastos de carácter financeiro			
	A.2) RESULTADO FINANCEIRO (14+15+16+17+18+19)	1.571	640	319
	A.3) RESULTADO ANTES DE IMPOSTOS (A.1+A.2)	1.571	640	319
	20. Imposto sobre beneficios	-393	-160	-80

ORZAMENTOS XERAIS DA XUNTA DE GALICIA 2020				
ORZAMENTO DE EXPLOTACIÓN				
REDES DE TELECOMUNICACIÓN GALEGAS, S.A.				
Plan Xeral de Contabilidade RD 1514/2007	CONTA DE PERDAS E GANANCIAS.	(En miles de euros sen decimais)		
		REAL 2018	ESTIMADO 2019	ORZAMENTO 2020
	A.4) RESULTADO DO EXERCICIO PROCEDENTE DE OPERACIÓNS CONTINUADAS (A.3+20)	1.178	480	239
	B) OPERACIÓNS INTERRUMPIDAS			
	21. Resultado do exercicio procedente de operacións interrompidas neto de impostos.			
	A.5) RESULTADO DO EXERCICIO (A.4+21)	1.178	480	239

ORZAMENTOS XERAIS DA XUNTA DE GALICIA 2020

Formulario SPA.04

REDES DE TELECOMUNICACIÓN GALEGAS, S.A.

ESTADO DE FLUXOS DE EFECTIVO	(En miles de euros sen decimais)		
	REAL 2018	ESTIMADO 2019	ORZAMENTO 2020
A) FLUXOS DE EFECTIVO DAS ACTIVIDADES DE EXPLOTACIÓN			
1. Resultado do exercicio antes de impostos.	1.571	640	319
2. Axustes no resultado	690	215	228
a. Amortización do inmovilizado (+)	311	317	360
b. Correccións valorativas por deterioro (+/-)	50	30	
c. Variación de provisións (+/-)	481		
d. Imputación de subvencións (-)	-153	-132	-132
e. Resultados por baixas e alleamentos de inmob (+/-)	1		
f. Resultados por baixas e alleamentos de insts finacs (+/-)			
g. Ingresos financeiros (-)			
h. Gastos financeiros (+)			
i. Diferencias de cambio (+/-)			
j. Variación do valor razoable en insts fins(+/-)			
k. Outros ingresos e gastos (-/+)			
3. Trocos no capital corrente	1.376	104	-67
a. Existencias (+/-)	-8	8	
b. Debedores e outras contas a cobrar (+/-)	1.301	520	-242
c. Outros activos correntes (+/-)	-37	36	
d. Acredores e outras contas a pagar (+/-)	278	-439	206
e. Outros pasivos correntes (+/-)	-158	-21	-30
f. Outros activos e pasivos non correntes (+/-)			
4. Outros fluxos de efectivo das actividades de explotación.			
a. Pagos de intereses (-)			
b. Cobros de dividendos (+)			
c. Cobros de intereses (+)			
d. Cobros/pagos por imposto sobre beneficios (+/-)			
e. Outros pagos/cobros (-/+)			
5. Fluxos de efectivo en actividades de explotación (1+2+3+4)	3.637	959	480
B) FLUXOS DE EFECTIVO DAS ACTIVIDADES DE INVESTIMENTO			
6. Pagos por investimentos (-)	-240	-455	-450
a. Empresas do grupo e asociadas (concretar empresa)			
b. Inmovilizado intanxible	-20	-29	-30
c. Inmovilizado material	-221	-426	-420
d. Investimentos inmobiliarios			
e. Outros activos financeiros			
f. Activos non correntes mantidos para a venda			
g. Outros activos			
7. Cobros por desinversións (+)			
a. Empresas do grupo e asociadas (concretar empresa)			
b. Inmovilizado intanxible			
c. Inmovilizado material			
d. Investimentos inmobiliarios			
e. Outros activos financeiros			
f. Activos non correntes mantidos para a venda			
g. Outros activos			
8. Fluxos de efectivo das actividades de investimentos (7-6)	-240	-455	-450
C) FLUXOS DE EFECTIVO DAS ACTIVIDADES DE FINANCIACIÓN			
9. Cobros e pagos por instrumentos de patrimonio			
a. Emisión de instrumentos de patrimonio (+) (desglosar suscritores)			
b. Amortización de instrumentos de patrimonio (-)			
c. Adquisición de instrumentos de patrimonio propio (-)			
d. Alleamento de instrumentos de patrimonio propio (+)			
e. Subvencións, doacións e legados recibidos (desglosar concedentes) (+)			
10. cobros y pagos por instrumentos de pasivo financeiro			
a. Emisión			
1. Obrigas e outros valores negociables (+)			
2. Débedas con entidades de crédito (+)			
3. Débedas con empresas do grupo e asociadas (desglosar prestamista) (+)			
4. Outras débedas (desglosar prestamista) (+)			

ORZAMENTOS XERAIS DA XUNTA DE GALICIA 2020			
Formulario SPA.04			
REDES DE TELECOMUNICACIÓN GALEGAS, S.A.			
ESTADO DE FLUXOS DE EFECTIVO	(En miles de euros sen decimais)		
	REAL 2018	ESTIMADO 2019	ORZAMENTO 2020
b. Devolución e amortización de:			
1. Obrigas e outros valores negociables (-)			
2. Débedas con entidades de crédito (-)			
3. Débedas con empresas do grupo e asociadas (desglosar prestamista) (-)			
4. Outras débedas (desglosar prestamista) (-)			
11. Pagos por dividendos e remuneracións de outros instrumentos de patrimonio	-192	-609	
a. Dividendos (-)	-192	-609	
b. Remuneracións de outros instrumentos de patrimonio (-)			
12. Fluxos de efectivo das actividades de financiación (9+10+11)	-192	-609	
D) EFECTOS DAS VARIACIÓNS DOS TIPOS DE CAMBIO			
E) AUMENTO/DISMINUCIÓN NETA DO EFECTIVO OU EQUIVALENTES (5+8+12-D)	3.205	-105	30
EFECTIVO OU EQUIVALENTES A COMENZOS DE EXERCICIO	3.195	6.400	6.295
EFECTIVO OU EQUIVALENTES A FINAIS	6.400	6.295	6.326

